

A Garda Civil informa de que está a detectar un aumento de tentativas de estafas suplantando a empresas (Naturgy, Iberdrola) e entidades locais, como concellos.



Exemplo de SMS fraudulento

As persoas seleccionadas polos delincuentes como obxectivos reciben unha comunicación (pode ser unha chamada, unha notificación por SMS ou unha mensaxe de WhatsApp) supostamente procedente dunha fonte de confianza. Os delincuentes poden falsificar a comunicación de xeito que pareza provir desa fonte.

Existen varias posibilidades no contido destes avisos –un pagamento elevado pendente, unha ameaza de multa, un movemento sospeitoso na súa conta de usuario– de modo que se cree unha sensación de urxencia que mova á persoa receptora a actuar con precipitación

É frecuente que os ciberdelincuentes utilicen información obtida na internet sobre a persoa á que chaman para dar credibilidade á orixe da comunicación. Se a vítima pincha no enlace que lle chega e introduce os seus datos de acceso, ou, no caso dunha chamada telefónica, proporciónaos oralmente e segue as instrucións da persoa que chama, os malfeitores terán acceso á súa conta.



Fragmento de bando municipal REAL

Recentemente detectáronse tamén este tipo de chamadas alegando proceder do concello no que reside a vítima, informando dunha multa ou taxa cuxo importe supostamente podería diminuír seguindo as instrucións. De seguilas ou proporcionar datos persoais ou financeiros, increméntanse moito as posibilidades de sufrir unha estafa.

Para evitar esta estafa hai que ter en conta.

- A) Non se deben facilitar datos financeiros por teléfono. En caso de dúbida, busca-los datos de contacto da empresa ou entidade e chamar un mesmo para verifica-la información recibida.
- B) Ter conciencia que a información publicada en redes sociais é utilizada polos ciberdelincuentes para este tipo de estafas.
- C) Tódolos trámites con empresas e administracións débense levar a cabo sempre a través das canles preestablecidas.
- D) Se se cae nunha estafa, ou mesmo sen ter caído, pór o caso en coñecemento da Garda Civil: ademais de recibir axuda, observárase cooperando a evitar que outras persoas sexan estafadas.